COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 17
ESCOLARES páxinas 18 a 21
BIBLIOTECA páxina 22
ANPA páxina 23

GRANXA AGRO DO CRUCEIRO

Os nenos e nenas de 4º de EP traballamos neste curso nun Proxecto de Granxas Familiares. A granxa sobre a que traballamos chámase Agro do Cruceiro, unha pequena granxa de orixe labrego, situada na parroquia de Valenza, pertencente ao Concello de Coristanco.

Como estivemos traballando ao longo do curso neste Proxecto, a saída que fixemos neste trimestre realizámola alí.

Saímos do Colexio o día 2 de xuño ás nove e cuarto da mañán. Fixemos o traxecto en autobús ata chegar á Parroquia de Valenza, onde está situada a Granxa.

Unha vez alí, fixemos actividades diversas, como plantar leitugas, fabas e espinacas, podar tomates, debullar as espigas de millo coas nosas mans, coa limpadora e varrelas.

Para plantar as leitugas, o monitor deunos una caixa con moitas leituguiñas pequeniñas que tiñamos que coller polo talo, sacalas da caixa e plantalas na terra. Había dous tipos: as vermellas e as verdes.

As fabas plantámolas nun vasiño orgánico, que o cubrimos de terra e botámoslle fabas ou espinacas, a elexir entre cada un de nós e enriba delas plantamos tamén un rábano. Agora hai que agardar a ver se medran…

Cando chegou o momento de podar os tomates, a monitora díxonos que colleramos as follas máis pequeniñas polo talo e arrancarámolas da tomateira, para despois, plantar o talo coas follas na terra, coller unha corda para enrolar a planta e atala a un tendal.

Foi moi interesante debullar as espigas de millo, que o fixemos coas nosas mans. Tiñamos que poñelas nun caldeiro e as que caían no chan había que varrelas. De seguido, utilizamos a limpadora, unha máquina que funciona con enerxía humana que se transforma en enerxía mecánica, e limpa as espigas. Tamén nos ensinaron outra máquina que as transformaba en fariña (un muíño eléctrico).

Nesta saída aprendemos cousas moi interesantes que descoñecíamos e que forman parte do mundo da Natureza.

Daniel 4º C

QUE FIXEMOS...

ESTIVEMOS CON ANIMAIS

Despois de xantar fumos ver aos animais. Primeiro visitamos ás galiñas. Había dous galiñeiros. No primeiro estaban unhas galiñas pequeniñas de cor marrón clariña. Estaban todas amoreadas porque tiñan medo. Para ir ata o segundo galiñeiro, pasamos polos porcos. Démoslle de comer a dous porcos unhas follas de leituga. Non llas podiamos dar na boca porque os porcos morden. Cando chegamos ao segundo galiñeiro fixemos unha fila por parellas. Fumos entrando e vimos ás galiñas. A monitora collía unha galiña e nós aloumiñábamola. Ademais se ti querías podías collela no colo. Cando rematamos fomos merendar.

Antía T. 4º C

A PATACA

En Europa, antigamente non comían patacas, ata que Colón as trouxo de América e aínda así, durante moito tempo, só as usaban para darlle de comer aos porcos.

A un farmacéutico francés, chamado Austin Armentier, na guerra, metérono no cárcere e só lle deron patacas de comer, así descubríu que eran boas para a saúde.

No 1772 comeu patacas nunha competición, e fixose tan famoso que o rei concedeulle unha leira.

Él era tan listo, que na leira puxo gardas que tiñan a obriga de que cando alguén quería roubalas, eles facían que non os vían e ían para outro lado. Así, a xente facía unha horta coa súa propia plantación de patacas e fóronse incluindo na dieta ata hoxe en día.

Raquel, 4º C